Exercicios de autoavaliación

Unidade 3

1. Cales son os cantares de xesta máis representativos da épica medieval?

2. Como se amosa nos cantares de xesta o seu carácter propagandístico?

3. Que son os trobadores?

4. Como se pode definir o *amor cortés*?

5. Que era o sirventés?

6. Que influencia tiveron os trobadores?

7. Cal é o autor da narrativa medieval que, co repertorio artúrico, pon as bases da novela moderna?

8. Que obra e autor son os máis representativos da narrativa catalá medieval?

9. Que dous grandes autores e con que obras destacan no conto medieval?

10. Cal é a gran obra do florentino Dante Alighieri?

11. Cal é a gran obra poética de Petrarca?

12. Cal foi a creación lírica máis orixinal ou autóctona da literatura galego-portuguesa?

13. En que sentido se di que o Reino de Galicia estivo na vangarda da literatura europea?

14. Cal se considera a primeira muller en escribir teatro medieval?

15. Despois da lectura dos textos seleccionados ao final da sección, indica autores, obras e xéneros

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 3

1. Á parte do *Cantar de Mío Cid* da literatura castelá, destacan *Os Nibelungos* na épica xermánica e o *Cantar de Roldán* na francesa.

2. O feito de que os cantares de xesta contasen con auditorios numerosos indica que era un xénero moi eficaz para a divulgación de determinadas ideoloxías. A canalización de mensaxes propagandísticas a través da súa interpretación era fundamental para dous ámbitos: o mundo feudal (e a súa lexitimación e fortalecemento co tema das cruzadas), e o mundo dos mosteiros e a súa influencia. Ademais, reafirman todos eles o sistema estamental incuestionable (pensemos que as figuras esenciais son o rei e o heroe vasalo).

3. Son os poetas da poesía trobadoresca, de comezos do século XII. A diferenza dos xograres, que soen ser intérpretes, os trobadores compoñen a propia poesía e incluso a música. Socialmente, tamén hai distinción: os trobadores adoitan pertencer á nobreza, e mesmo houbo trobadores reis.

4. É a grande anovación da lírica trobadoresca, a súa filosofía erótica. Os trobadores vían na muller cantada un señor feudal. A orixinalidade consiste no paralelismo que se establece entre o ámbito social e o literario: vasalo e señor feudal / namorado (=trobador) e dama. Este paralelismo mesmo se dá no léxico empregado: así, por exemplo, *servir* é o mesmo ca *amar*. O obxectivo final deste esquema é o de converterse en *drutz* (amante) da muller. O feito de que esta sexa unha dama casada motiva que as relacións co trobador teñan que ser profundamente secretas, de aí o recurso ao pseudónimo (*senhal)* para ocultar o nome da amada.

5. Era unha composición poética trobadoresca destinada a satirizar distintos aspectos cotiás, costumes ou actitudes. Adoitaba ter un apoio musical que facilitaba a súa difusión.

6. Tiveron unha influencia directa nos *trouvères* do norte de Francia ou nos *Minnesinger* alemáns, pero tamén, a través do Camiño de Santiago e debido á importancia política do Reino de Galicia, nas cantigas de amor e de escarnio e maldicir galego-portuguesas.

7. Chrètien de Troyes, no século XII.

8. *Tirant lo Blanc*, de Joanot Martorell, do século XV.

9. O italiano Boccaccio, co *Decamerón,* e o inglés Chaucer cos *Contos de Canterbury.*

10. *Divina Comedia*, un extenso poema simbólico escrito en tercetos, divididos en tres cantos de similar amplitude: Inferno, Purgatorio e Paraíso. Estes tres ámbitos ou reinos son percorridos polo autor nunha especie de alegoría da peregrinación da vida humana, ata o encontro coa divindade.

11. *Cancioneiro*, no que canta á súa amada Laura coa concepción derivada do *dolce still nuovo*, escola poética florentina que, espiritualizando o amor cortés,

inaugura unha nova ideoloxía amorosa, base da sensibilidade poética moderna.

12. As cantigas de amigo, postas en boca dunha muller e dirixidas ao seu *amigo*.

13. Refírese á época de esplendor do arcebispo Xelmírez, a denominada *era compostelá*, no século XII. Á parte do gran poder e influencia política internacional de Xelmírez, do desenvolvemento urbano e económico do reino, todos os elementos derivados do Camiño de Santiago, destacan, como consecuencia, o florecemento artístico e cultural que, no eido literario, se pode representar por dúas grandes obras en prosa: o *Códice Calixtino* e a *Historia Compostelá.* Por outra banda, é agora cando comeza a extraordinaria lírica medieval galega.

14. Rosvita de Gandersheim, do século X durante o Imperio Otónida.

15. *Cantar de Roldán,* de Turoldus, cantar de xesta.

Cantiga de amigo, de Martín Códax, lírica amorosa.

A Divina Comedia, de Dante, poema épico-alegórico.

Cancioneiro, de Petrarca, lírica amorosa.

Decamerón, de Boccaccio, conto.